

ACTA DE INICIO DOS TRABALLOS DA ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA SAN MIGUEL DE VALGA (VALGA- PONTEVEDRA)

En Pontevedra, o 25 de abril de 2024, reúnense:

María José Pérez Gil, xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de Pontevedra,

Francisco Javier Rodríguez Jar, enxeñeiro técnico agrícola, xefe de sección de estruturas agrarias e obras III do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Pontevedra, director dos traballos do "Proxecto de colaboración de servizos técnicos para a realización do levantamento topográfico e a obtención dos planos parcelarios, a preparación das bases e o plan de ordenación de predios de especial vocación agraria da zona de reestruturación parcelaria de San Miguel de Valga (Valga, Pontevedra). ST-5883".

Luis Ángel Fernández Fernández, en representación de ENSEROS, ENXEÑERÍA E SERVICIOS INTEGRADOS, SL, encargado da execución do contrato.

E expoñen o seguinte:

En virtude do Decreto 190/2022 foi declarada de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona de San Miguel de Valga (Valga, Pontevedra).

De conformidade co establecido no artigo 19 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, a partir da data deste documento iníciase os traballos de execución das bases de reestruturación parcelaria da zona de San Miguel de Valga (Valga, Pontevedra).

E para que conste, esténdese a presente acta que asinan en proba de conformidade os asistentes ao acto no lugar e data indicados.

(Asinado na data das sinaturas electrónicas)

A xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias, María José Pérez Gil

O director dos traballos, Francisco Javier Rodríguez Jar

A empresa adxudicataria, Luis Ángel Fernández Fernández

